



## BASES REGULADORAS DO II CERTAME FAMILIAR: “TEMPOS DE LECER LAXEIROS EN FAMILIA”

### “A túa foto de familia en espazos do Concello de Laxe pode ter premio neste 2022”

#### Introdución

Co gallo de conmemorar o Día Internacional da Familia, fixado dende o ano 1993 pola Organización das Nacións Unidas, ONU, o día 15 de maio, convócase esta segunda edición do certame co obxecto de recoñecer e premiar os tempos de lecer vividos polas familias no noso concello, cunha actividade que permita o novo goce de tempos de lecer do grupo de persoas que a conformen, nun espazo que consideramos, pode resultar atractivo para calquera membro da familia independentemente da súa idade. Este ano, o espazo elixido dende o Concello de Laxe é o AQUAPARK DE CERCEDA.

#### 1 PARTICIPANTES

- **Poderán participar neste certame todas as modalidades de familias** entendidas como grupo de **PERSOAS CONVIVENTES**.
- **Cada persoa, nominadamente, só poderá presentar unha única solicitude e fotografía grupal** que represente a súa familia.

#### 2 SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN E FORMATO

- **Para participar no certame, CADA FAMILIA/GRUPO DE PERSOAS CONVIVENTES**, a través dunha persoa representante que, en todo caso, deberá ser maior de idade, **REMITIRÁ Ó CONCELLO DE LAXE UNHA INSTANCIA DE SOLICITUDE XERAL E UNHA FOTOGRAFÍA FAMILIAR tomada NUN ESPAZO NATURAL, CULTURAL OU PATRIMONIAL do noso municipio** que, de maneira frecuente ou puntual, sexa elixida polo grupo de persoas que aparecen na imaxe para ocupar os seus tempos de lecer.
- **O documento “INSTANCIA DE SOLICITUDE XERAL”,** poderase descargar dende a sede electrónica municipal (<https://sede.laxe.es/>) no apartado de “Solicitude Xeral” ou ben solicitala nas oficinas xerais da Casa do Concello (1ª planta):
  - **No apartado de “EXPOSICIÓN”,** deberase facer constar o desexo de participar no II CERTAME FAMILIAR: “TEMPOS DE LECER LAXEIROS EN FAMILIA”.
  - **No apartado de “SOLICITUDE”,** pedirá ser incluído/a no mesmo e aportará os seguintes **DATOS**:
    - 1. NOME E APELIDOS DE TODAS AS PERSOAS QUE APARECEN NA IMAXE,** especificando, NOME, APELIDOS IDADES E VÍNCULO entre elas (pais, nais, fillos, fillas, avós, avoas, etc...)
    - 2. O CONCELLO DE RESIDENCIA HABITUAL** da familia/persoas conviventes.
    - 3. O TÍTULO DA FOTOGRAFÍA** que seguirá a seguinte estrutura: “A FAMILIA \_\_\_\_\_(indicar apelidos e/ou pseudónimo do grupo familiar)\_\_\_\_\_ EN \_\_\_\_\_(indicar o lugar no que foi tomada a fotografía) \_\_\_\_\_do Concello de Laxe”.
    - 4. Unha FRASE** que resuma o motivo da elección dese lugar para pasar un tempo en familia.
- Xunto coa instancia de solicitude, deberán achegar a **fotografía**, que necesariamente reunirá as seguintes **características**:  
fotografía en formato jpeg ou png que non poderá conter textos nin marcas de auga e que, en todo caso, deberá ter unha resolución e enfoque suficiente como para recoñecer tanto ás persoas que aparecen na imaxe como o lugar fotografado.



### **3 FORMAS DE PRESENTACIÓN e PRAZOS**

- **Haberá 3 MODALIDADES PARA A PRESENTACIÓN das instancias e envío dos datos requiridos na convocatoria:**
  - a) **DE MANEIRA PRESENCIAL** no Rexistro Xeral da Casa do Concello.
  - b) **DE FORMA TELEMÁTICA**, a través da sede electrónica municipal: <https://sede.laxe.es>
  - c) **POR CORREO POSTAL**, remitindo a documentación a: DPTO. DE CULTURA do Concello de Laxe, Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26, 15117 Laxe, A Coruña. Neste caso, será de carácter obrigatorio comunicar o envío da solicitude de participación por correo electrónico dirixido a [cultura@concellodelaxe.com](mailto:cultura@concellodelaxe.com). Neste correo electrónico, deberán indicar a data de remisión da documentación e entrega na oficina de correos, así como remitir a fotografía candidata ó certame e unha imaxe/fotografía da solicitude remitida na que se poda apreciar claramente o selo de saída da oficina de correos que corresponda.
- **PRAZO PARA A REMISIÓN DE SOLICITUDES E FOTOGRAFÍAS: dende o VENRES 13 de MAIO ata o LUNS 23 DE MAIO do 2022**, ámbolos dous incluídos. Todas as solicitudes recibidas fóra dos días sinalados como límites do prazo, serán excluídas do certame.
- **PRAZO DE VOTACIÓNS: dende o martes 24 de maio do 2022 ata as 11.00 horas do xoves día 26 de maio.**
- **ENTREGA DE PREMIOS: sempre que a dispoñibilidade das persoas premiadas o faga posible, os premios serán entregados durante a fin de semana do 28 e 29 de maio.**

### **4 XURADO E PROCEDEMENTO PARA AS VOTACIÓNS E RESOLUCIÓN**

- **O xurado estará formado por todas aquelas persoas que emitan os seus votos** dende o mesmo momento en que se compartan as imaxes **por unha das seguintes CANLES:**
  - **PÁXINA E PERFIL DO FACEBOOK do Concello de Laxe.**

Para emitir os votos deberase outorgar un “me gusta” na **fotografía elixida.**
  - **POR MENSAXE WHATSAPP enviado ó teléfono de NovasLaxe: 657 771 006**

Neste caso, para emitir os votos deberase enviar un mensaxe Whatsapp co seguinte texto: **“VOTO A FAMILIA \_\_\_\_\_(apelidos desta)”**.

A través desta canle só será admitido un voto por persoa. En caso de que unha mesma persoa emita varios votos, só será tido en conta o primeiro deles recibido.
- **Ás 11.00 horas do xoves 26 de maio pecharase o prazo para emitir votacións.** Non serán tidas en conta aquelas que se fagan despois dese horario.
  - **O persoal do concello será o encargado de recompilar e sumar todos os votos** emitidos por calquera das 3 canles xa comentadas.
  - **Resolverá o certame a alcaldía do Concello de Laxe en base ó informe de votación emitido polo persoal técnico,** permanecendo dita Resolución exposta no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.
  - **O resultado será comunicado ás persoas gañadoras** así como nas redes sociais municipais e canles de comunicación habituais do Concello de Laxe.



## **5 PREMIOS**

- **Haberá 3 premios para aquelas 3 fotografías que acaden máis votos**, unha vez sumados os obtidos polas dúas canles sinaladas no apartado anterior. **O cómputo final dos votos farase do seguinte xeito: SUMATORIO DOS “ME GUSTA” outorgados a través das canles do Facebook do Concello de Laxe e dos votos individuais recibidos a través de MENSAXERÍA WHATSAPP ó teléfono 657 771 006 de NovasLaxe.**
- Consistirán na **ENTREGA DUN DIPLOMA E UN “VALE FAMILIAR” para disfrutar dun día enteiro no AQUAPARK DE CERCEDA, durante a tempada e o seu horario habitual de apertura.**
- **OS RESULTADOS DO CERTAME faranse públicos O VENRES 27 DE MAIO** e serán comunicados ó AQUAPARK a efectos de realizar as reserva.
- Cada familia premiada será a encargada de confirmar co Aquapark as datas de apertura deste e o día en que desexen canxear o seu premio, recibindo na entrada do Aquapark tantas invitacións como persoas aparecesen na fotografía premiada.

## **7 DEREITOS DE AUTOR**

- **O Concello, resérvase o dereito de exposición, reprodución e publicación** das imaxes remitidas ó certame sen que medie ánimo de lucro e sen que, en ningún caso, poidan ser obxecto de compravenda.
- **En ningún caso, serán esixibles ó Concello dereitos de autor ou de imaxe por parte das persoas que aparezan nas imaxes.**
- **Cada persoa participante consinte que o Concello de Laxe faga públicos a través da súa páxina de Facebook e redes sociais, os datos facilitados para o certame**, agás os números de teléfono que, en ningún caso, serán compartidos.

## **8 PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos persoais recollidos durante o certame, serán empregados, unicamente, coa finalidade de xestionar e executar este.

**Tan só se farán públicos o nome e apelidos das persoas participantes, a súa idade e concello de residencia, así como tamén a fotografía ou fotografías que envíen ó certame, así como as que resulten do momento da entrega dos premios.** Estes datos faranse públicos a través da páxina web e redes sociais dependentes do Concello de Laxe, así como comunicados ós medios de comunicación e prensa habituais.

**En ningún caso, serán esixibles dereitos de autor por parte do autor/a** da fotografía.

De acordo coa LOPD, Ley orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais facilitados para a participación no concurso, serán incorporados en ficheiros dos que é responsable O Concello de Laxe. Estes datos serán tratados de xeito totalmente confidencial e serán usados exclusivamente para os fins expresados.

Se desexa exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición ou cancelación dos seus datos persoais que figuran nos nosos rexistros, por favor, solicíteo escribindo un correo electrónico a [cultura@concellodelaxe.com](mailto:cultura@concellodelaxe.com) ou enviando unha carta ó noso enderezo postal enriba indicado.

**9 A PARTICIPACIÓN NESTE CERTAME SUPÓN A TOTAL ACEPTACIÓN DAS BASES** por parte de cada unha das persoas que aparezan nas imaxes remitidas e cuxos datos se envíen ó Concello de Laxe coa finalidade de participar no mesmo.

Laxe, 12 de maio do 2022

A concelleira de comercio, hostalaría, turismo e cultura

Raquel Lema Allo